Universida de Vigo

STEMbach
bacharelato de excelencia

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Virxilio Rodríguez Vázquez	
Enderezo electrónico: virxilio@uvigo.es	Teléfono: 988 368 842
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio	**2021-2023**
Número de participantes (máx. 4)	**4**

Título

O que sabemos de Dereito penal a través do Cinema

Resumo

O Cinema ten utilizado temáticas directamente relacionadas con Dereito penal. O crime, nas súas múltiples formas, atentando contra bens diversos (vida, saúde, liberdade, intimidade, propiedade, medio ambiente, etc.) ten constituído o argumento sobre o que xiran moitísimas películas, poderiamos dicir, a maioría das películas. Ese feito tense multiplicado coas series difundidas a través de distintas plataformas dixitais. O Cine ten sido o vehículo a través do cal moitas persoas se teñen achegado a resposta que o Dereito dá ao fenómeno criminal. Pero, ¿ese tratamento que o Cine fai do Dereito penal correspóndese coa realidade? ¿A imaxe que a cidadanía acaba tendo da Xustiza, en particular da Penal a través do Cine é "correcta"? ¿O Cine pode ser un vehículo acaído para aprender "algo" de Dereito penal?

Obxectivo

1. O primeiro obxectivo é coñecer a inxente cantidade de material cinematográfico, tanto de películas como de series, que teñen o Dereito penal como eixo do argumento e/ou da trama. Isto obriga a revisar e seleccionar lecturas que tratan de Cine e Dereito penal en España.
2. Coñecer as ferramentas para ver Cine de forma crítica e dende o punto de vista xurídico.
3. Identificar problemas propios do Dereito penal.
4. Coñecer as bases de resolución de problemas en Dereito penal.
5. Tentar determinar se o Cine ten unha influencia social positiva ou negativa en tanto vehículo para coñecer o significado, funcións, fins e funcionamento do Dereito penal.

Plan de traballo

1. Seleccionar 4 películas e/ou episodios de series que estean relacionadas co Dereito penal e que plantexen un concreto problema xurídico. Cada membro do equipo terá que traballar unha das películas ou episodio seleccionado.
2. Analizar como na película ou na serie se resolve o problema xurídico dende.
3. Comparar esa forma de tratar e resolver o problema xurídico co que sería unha resolución "real", conforme ao Dereito penal vixente. Isto obriga a facer lecturas previamente seleccionadas de textos xurídicos.
4. Cada membro do equipo terá que expoñer as cúas conclusións a modo de charla perante o equipo de traballo, para someter as súas conclusións a debate.
5. Concluír se o tratamento cinematográfico do problema xurídico é correcto dende o punto de vista técnico e pode ou non servir para aproximarse por un lego na materia o Dereito penal.
6. Posta en común, redacción do traballo conxunto e exposición pública.